C.E.I.P. Saco e Arce

PLAN DE ACOLLIDA 2021-2022

RÚA A VEREA S/N

C.P. 32930. Toén. Ourense.

Teléfono fixo: 9884685096

Correo:

ceip.saco.arce@edu.xunta.es

ÍNDICE

1.HORARIO DO CENTRO 3

2.CALENDARIO ESCOLAR 2021-2022.....4

3.CADRO DE PERSOAL. 6

4.NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO. ..7

5.ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN. 12

6.ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL. 15

7.ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN...18

8.MATERIAL ESCOLAR. 19

9.COMEDOR ESCOLAR. 20

10.AFA DO COLEXIO. 20

1.HORARIO DO CENTRO

XORNADA ÚNICA De Setembro a Xuño
MADRUGADORES (pendente): 7:30 a 9:30 h.
1ª CLASE: 9:30 a 10:20 h.
2ª CLASE: 10:20 a 11:10 h.
3º CLASE: 11:10 a 12:00 h.
RECREO: 12:00 a 12:30 h.
H.DE LER: 12:30 a 12:50 h.
4ª CLASE: 12:50 a 13:40 h.
5º CLASE : 13:40 a 14:30 h.
COMEDOR (opcional):14:30 a 15:50 h.
ACTIV. EXTRAESCOLARES (pendente): 15:50 a 16:50 h.
BIBLIOTECA (pendente): 15:50 a 17:50 h.

2.CALENDARIO ESCOLAR 2021-2022

*O DÍA 11 DE NOVEMBRO E FESTIVO LOCAL
*O CENTRO SOLICITA A XEFATURA O DÍA 16 DE MAIO COMO DÍA NON LECTIVO

Artigo 6. Vacacións escolares

Os períodos de vacacións escolares no curso académico 2021/22 serán os seguintes:

- Nadal: desde o día 22 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022, ambos inclusive.

- Entroido: os días 28 de febreiro, 1 e 2 de marzo de 2022.

- Semana Santa: desde o día 11 ata o día 18 de abril de 2022, ambos inclusive.

Artigo 8. Conmemoracións

1. Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.

- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.

- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.

- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.

- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.

- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.

- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.

- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.

- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.

- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.

- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.

- 9 de maio de 2022: Día de Europa.

- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.

- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

3.CADRO DE PERSOAL.

CADRO DE MESTRAS-ES	
E. Infantil Eva Prieto (4º EI) Silvia Medeiros (5º EI) Trinidad Álvarez (6º EI) Begoña Molina (apoio EI)	**E. Primaria** Cristina Morais (1º EP) María José Rodríguez (2º EP) Víctor Álvarez (3º EP) Marisa Rodríguez (4º EP) Teresa Rodríguez (5º EP) Xosé Raposo (6º EP)
Especialistas Música: Arturo Fernández E. Física: Iván Martínez Inglés: Mª Carmen Rubio Francés: María José Rodríguez Relixión: Pilar Vázquez	**Audición e Linguaxe:** Ramón Asteinza María Novoa **Pedagoxía Terapéutica:** Maite Álvarez Alba Baltar **Orientación:** Concepción Irago

Persoal laboral:
Cociñeira: Montserrat Fernández.
Axudante de cociña: Sara Valdés
Coidadora: Mercedes Ansia.
Limpeza: Begoña García.

Día de Titorías : martes de 16:50 a 17:50h
Horario Dirección : ***Iván Martínez.***
Luns, mércores, xoves e venres de 09:30 a 10:20 h.
H. Secretaría: ***Trini Álvarez.***
Martes e venres de 10:20 a 11:10
Horario de Xefatura
Xefatura estudos: ***Arturo Fernández.***
Martes e xoves de 10:20 a 11:10

4.NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO.

O plan de adaptación á situación Covid-19 implica manter unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo reflectimos as máis salientables:

TEMA	MODIFICACIÓN
Horario de entradas	Tod@s @s alumn@s entrarán ás 9:30 de forma escalonada.
Horarios de saídas	Non usuarios do comedor : INFANTIL : 14:30 h. PRIMARIA : 14:35 h. Usuarios do comedor (por grupos de transporte escolar) : 15:50 h.
Horario de recreos	Ed. Infantil : 12: 00 - 12:30 h. Ed. Primaria : 12: 00 - 12:30 h.
Espazos de recreos	Repartidos por zonas e os grupos rotarán cada semana.
Gardas de entrada	Haberá 4 mestres de garda de autobuses: 1 mestre para a entrada de 3 anos pola porta principal, 1 mestre nas escaleiras de acceso ao ximnasio, 1 mestre no ximnasio e 1 mestre no patio exterior.
Acompañamento do alumnado	Os alumnos de 4º de infantil poden entrar acompañados dun familiar ata a marca das súas filas de entrada durante o mes de setembro. Tamén levará máscara o acompañante. Os alumnos transportados serán acompañados ata a porta de acceso ao recinto escolar Os alumnos non transportados poderán ser acompañados ata a porta de acceso do recinto escolar. Non poden acceder ao interior do centro. Os alumnos non transportados poderán acceder ao recinto escolar pola mañá, no momento que chegue o primeiro autobús escolar.

	Os alumnos non transportados á saída do comedor escolar, poderanse recoller ás 15:15 horas (de forma excepcional--> whatsapp ao centro) e ás 15:50 horas.
Titorías	A primeira titoría será presencial e o resto preferentemente telemáticas.
Biblioteca	Por determinar o préstamo de libros e a apertura da biblioteca pola tarde. Poderase usar como aula, seguindo o protocolo de hixiene e seguridade do centro.
Aula de Informática	A aula de informática está integrada na propia clase coa dispoñibilidade de computadores de sobremesa, portátiles e tablets
Uso de aseos	Restrínxese o aforo a tres persoas, e empregaranse sinais visuais.
Circulación polo centro	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.
Actividades entre niveis	Debido á organización en grupos de convivencia estable, non se levarán a cabo actividades nas que se mesture alumnado de diferente nivel.
Acceso de familias ao centro	Non se pode acceder ao centro sen cita previa. A porta permanecerá pechada. Temos instalado un porteiro automático na porta de entrada.

Para realizar unha correcta explicación sobre estas modificacións e o desenvolvemento do plan de actuación, realizaranse antes do comezo de curso reunións por nivel coas familias.

Estas reunións terán lugar nunha aula do colexio baixo as seguintes normas de seguridade:

- Un único asistente por alumno/a.
- Separación entre cadeiras dun mínimo de 1,5m
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións haberá 30 minutos de separación, tempo no que se ventilará a aula e realizaranse labores de limpeza nas cadeiras empregadas.

As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

NIVEL	DATA	HORA
4º ED.INFANTIL	Luns 6 de setembro	10:00 h.
5º ED. INFANTIL	Luns 6 de setembro	11:30 h.
6º ED. INFANTIL	Luns 6 de setembro	13:00 h.
1º PRIMARIA	Martes 7 de setembro	10:00 h.
2º PRIMARIA	Martes 7 de setembro	11:30 h.
3º PRIMARIA	Martes 7 de setembro	13:00 h.
4º PRIMARIA	Mércores 8 de setembro	10:00 h.
5º PRIMARIA	Mércores 8 de setembro	11:30 h.
6º PRIMARIA	Mércores 8 de setembro	13:00 h.

Primeiro día lectivo.

Todo o alumnado entrará ao colexio ás **9:30**, sendo recomendable estar 10 minutos antes para evitar aglomeracións e confusións propias desa primeira xornada, flexibilizaremos **os horarios** organizando as seguintes quendas:

Día 9 de setembro

Curso	Hora de recepción	Hora de entrada estimada	Hora de saída
4º - 5º - 6º Educación Infantil	Zona principal ao centro	9:30 h.	14:30 h.
1º - 2º - 3º - 4º - 5º - 6º Educación Primaria	Zona do ximnasio	9:35 h.	14:30 h.

Neste primeiro día de clase, o alumnado estará unicamente co seu titor/a, que será o encargado/a de informar das novas normas de organización e funcionamento, en coordinación co profesorado especialista, que, de ser necesario, pasará polas aulas para informar das peculiaridades que afecten á súa área.

PARA TER EN CONTA…

Xustificación de faltas: as faltas de asistencia serán contabilizadas pola titora o titor, será preciso xustificalas.

Cando un alumn@ falta ao colexio as familias terán; **primeiro** que notificar ao centro a ausencia, **segundo**, ao día seguinte xustificar a falta.

1º **NOTIFICACIÓN DA AUSENCIA** AO COLEXIO DO ALUMNADO: A TRAVÉS DE WHATSAPP DO CENTRO **644030739** ANTES DAS 10:00 HORAS (ANEXO MODELO).

📲📲📲 COPIAR ESTA MENSAXE-->PEGAR NO WHATSAPP DO CENTRO--**644030739**>ENCHER-->ENVIAR

MENSAXE:
MODELO DE NOTIFICACIÓN AO CENTRO 21/22
Notificación ausencia do alumnado.
Nome e apelidos:
Curso:
Data:
Motivo da ausencia:
Duración aproximada:

2º **XUSTIFICACIÓN DA FALTA**: A FALTA SERÁ CARGADA POLO TITOR-A AO FINAL DA XORNADA LECTIVA. A NAI OU O PAI PODERÁ XUSTIFICALA AO DÍA SEGUINTE A TRAVÉS DA APLICACIÓN ABALARMÓBIL.

📲📲📲 ACCEDER APLICACIÓN ABALARMÓBIL-->FALTAS-->XUSTIFICAR FALTAS-->MOTIVO-->ACEPTAR

3ºASISTINDO AO COLEXIO. **AUSENCIA COMEDOR ESCOLAR**.
NOTIFICACIÓN DA AUSENCIA AO COMEDOR DO ALUMNADO: A TRAVÉS DE WHATSAPP DO CENTRO **644030739** ANTES DAS 10:00 HORAS.

SE FALTA AO COLEXIO NON HAI QUE COMUNICAR A AUSENCIA DO COMEDOR

Puntualidade: un dos deberes do alumnado é a asistencia á clase con puntualidade.
Calquera chegada tarde, de entrada ao colexio, maior de cinco minutos deberá ser xustificada ao titor ao día seguinte enchendo o anexo (ligazón para descarga).

Saídas do alumnado en horario lectivo: para a saída dunha alumna o alumno do centro en horario lectivo a nai ou o pai deberá asinar una solicitude dirixida á titora ou titor, segundo o anexo establecido (ligazón para descarga).

Notificación ás nais e pais: calquera incidencia que afecte ao alumnado e que se considere relevante, será comunicada á familia pola titora ou titor mediante abalar móbil.

NOSA PÁXINA WEB

Dispoñemos dunha páxina Web onde poderedes ver as características do noso centro e onde colgamos información de carácter xeral. Se queredes acceder a ela a dirección é:

http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsacoarce/

BLOG DA BIBLIOTECA

https://bloguesquio.blogspot.com/

ABALAR MÓBIL

https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/noticia/abalarmobil

5.ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

A.Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

Evitar aglomeracións:

· Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
· Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
· Establecer saídas escalonadas ao recreo.
· Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
· Regular o acceso e utilización dos aseos.

Distancia social:

· Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
· Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

· O profesorado debe comprometerse a cumprir as medidas propostas no protocolo do centro co respecto ao Covid-19.
· As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa Covid-19, para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Asinar compromiso.

B.Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

Hixiene xeral do centro:

· Reforzar o servizo de limpeza.
· Realizar desinfeccións dos aseos dúas veces por mañá.
· Facer limpeza e desinfección de aulas e espazos comúns pola tarde.
· Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
· Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

Hixiene persoal:

· Facer varias limpezas e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
· Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara o levar obxectos á boca.
· Aprender a manipular correctamente as máscaras.

· Cada alumn@ traerá unha máscara posta e outra de reposto na mochila. Ambas deberán traer o nome na cara interna.
· A máscara de reposto virá nunha bolsa pequena de conxelar ou nunha caixa pequena…

Rutinas de responsabilidade individual:

· Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos como o xel alcohólico.

· Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exime da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.

· Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas.

Deste xeito, o persoal de limpeza pode optimizar o seu tempo de traballo e dedicalo aos labores propios.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

· Xel desinfectante: en todas as aulas e espazos comúns.

· Xabón: nos aseos.

. Spray desinfectante: en todas as aulas.

· Botiquín do centro, cos elementos básicos.

· Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.

· Toallas desinfectantes: nas aulas de educación infantil e aulas especiais (música e EF).

C.Protección:

- Uso de máscara:

· Uso obrigatorio para todo o profesorado.

· Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.

· Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas.

- Pantallas:

· Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.

· Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (o gafas de protección ocular).

6.ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

No curso escolar pasado tivéronse que tomar unha serie de medidas educativas encamiñadas a utilizar en casos puntuais un ensino non presencial, por este motivo e por que seguimos nunha situación de pandemia, é necesario comezar o curso 21/22 cunha serie de accións que faciliten e emprego deste recurso, independentemente de que se poidan retomar as sesión virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, a alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual** (de infantil a 4º de primaria) e **a EVA** Edixgal (5º e 6º de primaria).
- **Acceso aos diferentes** cursos / áreas nos que este matriculado/a (infantil a 6º de primaria)
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual (infantil a 4º de primria) e da plataforma EVA (5º e 6º de primaria)
- Xestión da súa **conta de correo electrónico** e funcionalidades básicas da conta -nube, vídeo, documentos- (de 3º a 6º de primaria).
- Consulta de cualificacións e comentarios.
- Envío de **mensaxes por vía interna** da aula virtual.

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

→Aplicación **Abalarmóbil**, dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito académico, solicitar titorías, comunicar ausencias e recibir mensaxes do centro ou profesorado. Existe a posibilidade de crear salas de mensaxería dende as que podería interactuar co profesorado.
As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas polo profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas e o equipo docente de TICs.

→**Correo electrónico**: vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.saco.arce@edu.xunta.gal.

→**Teléfono fixo**: comunicación directa, 988 685 096.

→Mensaxes de **Whatsapp** do centro coas familias.
Este servicio se utilizará por parte do centro para mandar información puntual das diferentes novas co respecto a organización (actividades, comedor, etc). É un servizo único e exclusivo de difusión de mensaxes da escola as familias.

Non se atenderán chamadas nin mensaxes no móbil do centro, para isto existen outras canles.

No seguinte cadro / resumo quedan reflectidas as tarefas mínimas que deberanse levar a cabo:

Etapa/ nivel educativo	**Accións a desenvolver**	**Lugar**	**Temporalización**
EDUCACIÓN INFANTIL	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (mediante mensaxería interna)	Primeiro trimestre
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Casa (comprobar as familias que teñen dificultades para acceder)	Primeiro trimestre
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeiro trimestre
1º A 4º DE PRIMARIA	Facilitar usuario e contrasinal	Colexio (Axenda)	Primeiro trimestre
	Acceder á aula virtual e curso correspondente	Colexio e casa (detectar dificultades)	Primeiro trimestre
	Visualizar contidos na aula virtual	Colexio e casa	Primeiro trimestre
2º A 4º DE PRIMARIA	Realizar tarefas na aula virtual: un cuestionario, unha caixa de texto, unha actividade interactiva, enviar un arquivo	Colexio e casa	Primeiro trimestre
	Realizar tarefas mixtas (presencial e virtual)	Colexio e casa	Primeiro trimestre
5º E 6º DE PRIMARIA	Asignar credenciais da plataforma EVA	Colexio (axenda)	Primeira semana
	Acceder á plataforma EVA ás distintas áreas	Colexio e casa	Primeira semana
	Acceso ao contido das áreas	Colexio e casa	Mes de setembro
	Realización de cuestionarios e tarefas	Colexio e casa	Mes de setembro
	Realizar tarefas mixtas, que requiran unha parte presencial e outra virtual	Colexio e casa	Mes de setembro
	Emprego de ferramentas básicas que dispón o ultraportátil edixgal: cámara, escáner, gravación/edición de vídeo, procesador de textos, deseño.	Colexio	Primeiro trimestre
FAMILIAS	Curso básico de todos os aspectos relacionados coa aula virtual	On line (casa) Posibilidade de resolver dúbidas de xeito presencial con cita previa	Primeiro trimestre

O primeiro mes de curso pode ser un "laboratorio" interesante para poñer a proba un **modelo de ensino mixto**. O alumnado pode facer tarefas de reforzo e ampliación na súa casa a través do ensino virtual ou ben acceder a información (vídeos, pequenos textos) que despois se empreguen nas sesións presenciais.

Entre as vantaxes está reducir o tránsito de material entre o centro educativo e as casas e, deste xeito, alixeirar as mochilas que leva o alumnado.

Isto permitiría tamén afrontar con máis garantías un escenario de semipresencialidade nas aulas e abrir o abano de posibilidades educativas e formativas do alumnado.

7.ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EN GRUPO DE ACOLLIDA E COHESIÓN.

· Os cambios na forma de relacionarse na sociedade deben chegar, por desgracia, tamén ao colexio.
Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitir emocións sen poder mostrar parte das nosas facianas.

· Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require dun tratamento específico nas aulas.

· A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.

· A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contaxiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo nin demonizalo, senón apoialo e coidalo emocionalmente.

· O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.

· Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema e a difusión de bulos e as bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia en cadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada, estamos nunha época na que se pode ferir a compañeiros/as facendo comentarios en torno ao seu estado de saúde que poden alterar a convivencia no colexio. Sucede o mesmo coas bromas de mal gusto relacionadas co coronavirus, non cabe dúbida de que o emisor seguramente non teña intención ofensiva, pero pode darse o caso de que nenos/as con parentes ou coñecidos afectados/as poidan verse violentados por esta situación, polo que temos que intentar evitalas.

· A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atopará no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear ao virus e conseguir que todo isto acabe.

· O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.

Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica tratarase de facer propostas concretas e de complementar este apartado unha vez que se reúna no mes de setembro.

8.MATERIAL ESCOLAR.

Informarase as familias do material escolar na primeira reunión cos titores.

En todo caso será material esencial, de uso individual e serán os alumn@s os que se responsabilicen da súa custodia e do seu uso exclusivo.

9.COMEDOR ESCOLAR.

Menús escolares de setembro, outubro, novembro e decembro aprobados polo Consello escolar (publicaranse na web do centro).

- Os menús estarán abertos a posibles cambios en función do servizo de provedores, de idoneidade do produto, ou outros problemas que poidan xurdir.

- No caso de nen@s que teñan algunha intolerancia dixestiva ou alerxia terán que comunicalo ao centro escolar a fin de telo en conta á hora do comedor.

10.AFA-ANPA DO COLEXIO.

anpaceipsacoearce@hotmail.com